


UNHA PRODUCCIÓN DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



O CHARCO DE ULISES

texto de **Santiago Cortegoso**
adaptación e dirección de escena de
Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal

www.centrodramatico.gal

 [cdg.salon-teatro](https://www.facebook.com/cdg.salon-teatro)

 [cdg.salon-teatro](https://www.instagram.com/cdg.salon-teatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal

www.agadic.gal

 [agadic](https://www.facebook.com/agadic)

ULISES.- Ninguén comprende máis nada que a moral única, o conformismo; ninguén comprende que hai outras illas posibles, outras verdades, que o espírito pode transcender a división entre o ben e o mal. Eu quero algo máis, para trazar mapas novos hai que navegar fóra dos mapas xa trazados. E eu non teño medo a perderme. Non fixen outra cousa na miña vida máis que perderme. Ao principio pensaba que era para regresar rico, como un triunfador, pero presentáronseme fantasías ante as que non dubidei, porque pensaba que Ítaca non era máis ca unha parte da miña alma que quedara atrás.

O charco de Ulises
de Santiago Cortegoso



Índice

<i>De fronteiras e migracións</i> , Fran Núñez.....	05
<i>O charco de Ulises</i> , Marián Bañobre e Santiago Cortegoso.....	06
Ficha artística.....	07
Funcións.....	08
Sinopse.....	09
A directora: Marián Bañobre.....	10
O dramaturgo e director: Santiago Cortegoso.....	11
O elenco.....	12
O equipo artístico.....	24



De fronteiras e migracións

Fran Núñez | Director do CDG

Con *O charco de Ulises*, o Centro Dramático Galego achega á escena un clásico da literatura universal actualizado e contextualizado na nosa terra. Este é un Ulises galego e cada porto, cada recanto da nosa terra, é unha Ítaca á que regresar. Un Ulises que, coma tantos outros e outras, percorreu o Atlántico.

O texto é unha versión de Santiago Cortegoso e Marián Bañobre dunha revisión do clásico que fixera o propio Cortegoso dentro do programa Iberescena hai case unha década. Nesa época, no Centro Dramático, o autor participaba dos encontros de dramaturxia coordinados por Cándido Pazó baixo a dirección de Cristina Domínguez. Pode dicirse, polo tanto, que este proxecto é froito da colaboración no espazo e no tempo. Colaboración entre países e organizacións e colaboración entre diferentes direccións do Centro Dramático Galego. Sementamos dramaturxia que hoxe, dez anos despois, recollemos vizosa en escena.

Falamos da nosa emigración pasada, falamos de fronteiras. Penso que é pertinente nun contexto no que as restricións de mobilidade derivadas da pandemia constrúen fronteiras novas que impiden saír e entrar de parroquias, cidades, comarcas e países. Mesmo chegaron a confinarse edificios creando illas como as que percorre Ulises. Hai quen reclama contra a suposta arbitrariedade desas liñas imaxinarias que delimitan as

nosas cidades, esas novas fronteiras que cortan a nosa liberdade. “Fronteiras inventadas por alguén” —din— como se as outras, as que moitos reclaman protexer, non o fosen.

Ulises é a eterna loita entre manter o que temos e arriscarnos a procurar o que desexamos, entre o que coñecemos e a saudade daquilo por coñecer.

Este Ulises parte da nosa emigración galega e cambia o Mediterráneo polo Atlántico, Troia por Buenos Aires, unha posguerra por outra.

Ulises vaga de illa en illa pois nunca é o momento de retornar. Coma moitos emigrantes, o medo a non regresar ao seu lugar de orixe é tan grande coma o medo ao retorno. Quen estivo nesa situación conta que o que máis asusta é navegar cara ao descoñecido, pero aínda máis que chegue o día do regreso e non recoñecer aquilo que un día foi a túa casa ou que esta non te recoñeza a ti.

Isto é un clásico grego, é o noso pasado próximo e, infelizmente, é o presente de moitas persoas.

No teatro, inevitablemente, xuntámonos coa cidadanía a falar do presente e agardamos, xuntos, construír un futuro diferente.

O charco de Ulises

Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

O charco de Ulises é unha versión libre da *Odisea* traspasada a un contexto atlántico. Do mar ao océano. De Ítaca a Galicia. De Troia a Buenos Aires. Do Mediterráneo ao Atlántico.

Ulises está considerado, na cultura occidental, o primeiro emigrante; o primeiro ser humano que experimentou a nostalxia pola súa terra. En Galicia temos dúas palabras máis para chamarlle a isto: saudade e morriña. Un sentimento complexo, consecuencia dun fenómeno complexo.

A peza transcorre en paralelo co desenvolvemento argumental da obra de Homero: a viaxe de Telémaco na procura de seu pai (visitando a Néstor, a Menelao e Helena...) e a de Ulises polas diferentes illas nas que se atopa con personaxes fantásticos (Calipso, Circe, Nausícaa, Polifemo, o canto das sereas...). Vaise pegando e separando do mito orixinal, xerando un diálogo co clásico para xogar con el, para traizoalo en moitas ocasións e, sobre todo, para tratar o fenómeno da emigración galega cun marcado compoñente poético. E tamén para darlle unha nova dimensión ás personaxes femininas que aparecen na *Odisea*.

Os deuses condenaron a Ulises a permanecer errante durante dez anos como castigo por argallar a trampa do cabalo para destruír Troia. O curioso é que este castigo se desenvolve entre banquetes pantagruélicos, orxías luxuriosas con fermosas ninfas, aventuras inesquecibles, coñecemento de culturas exóticas, salóns de tango nas noites de Buenos Aires...

Moitos emigrantes galegos deixaron mulleres e fillos aquí e fundaron outras familias en América. Gozaron da liberdade da que carecían nas pequenas aldeas das que marchaban. Foi un sufrimento comezar unha nova vida ou unha oportunidade para atopar a felicidade nun país social e economicamente avanzado?

O charco de Ulises trata da viaxe como concepto vital da existencia do ser humano no tempo, trata dos movementos migratorios, do multiculturalismo, da necesidade —ou non— de traspasar calquera fronteira. Fai unha relectura do clásico universal de Homero contextualizándoo nun fenómeno sociolóxico que marcou a historia do pobo galego.

Ficha artística

Texto e asesoramento lingüístico: **Santiago Cortegoso**
Dirección e adaptación: **Marián Bañobre e Santiago Cortegoso**

Elenco

Óscar Allo	Telémaco, coros
Miguel Borines	Néstor, Alcínoo, coros
Mónica Camaño	Helena, coros
Rosalía Castro	Circe, coros
Raquel Espada	Nausícaa, unha puta moi nova, enfermeira, coros
Manuel Millán	Menelao, Laertes, coros
Fran Paredes	Ulises
Chusa Pérez de Vallejo	Calipso, enfermeira, coros
Inés Salvado Gontad	Penélope, coros
Paulo Serantes	Pisítrato, Euríloco, coros

Voces en off: **María Solar, Santiago Cortegoso, Baia Fernández e José Manuel González Sanmartín**

Equipo artístico

Escenografía	Pablo Giráldez "O Pastor"
Vestuario	Saturna
Iluminación	Salvador del Río
Espazo sonoro e música en escena	Xosé Lois Romero
Coreografía tango	Ezequiel Merlo
Traballo de voz	María Costas
Caracterización	Baia Fernández
Asistencia de dirección	Carmela Bueno
Asistencia de produción	Xandre Vázquez

Realizacións

Escenografía e utilería
Vestuario
Coordinación e corrección de textos

Fotografías e vídeos
Deseño gráfico

Centro Dramático Galego

Dirección
Produción
Secretaría de dirección
Axudante de produción
Xestión
Prensa

Publicacións

Equipo técnico do CDG
Equipo técnico do CDG

Rosa Moledo

Miramemira
Trisquelia

Fran Núñez
Francisco Veiga
Manuela Domínguez
Laura Hevia
Marta Blanco
Ana Miragaya e Ana Rosales (Agadic)
Marcelina Calvo e Alberto Santamaría (Agadic)

Equipo técnico

Técnico de iluminación
Asistente de iluminación
Técnicos de son

Encargado de estrutura escénica
Tremoias

Auxiliar de imaxe e son
Encargado de talleres
Xastra
Limpeza

Juanjo Amado
Biqui Cabado
Antonio G. Budiño
e Guillermo Vázquez

Salvador Forján
Antonio Mayo, Óscar Ortega, Xaquín Rei, René Rodríguez, Suso Rodríguez e Elixio Vieites
Juan Carlos Pacios
Fernando Rodríguez
María Negreira
Marisol Pérez e M.^a Luisa Seoane

Agradecementos

Belén Constenla, Santi Prego, Rosario Arias García, Isabel Novo, CRTVG e Centro Coreográfico Galego. O noso agradecemento e recordo especial para Mauro Chao.

Funcións

SANTIAGO DE COMPOSTELA. SALÓN TEATRO

Estrea	Xoves 14 de xaneiro, ás 20.00 h
Funcións	Do 15 ao 31 de xaneiro
Horarios	Xoves ás 20.00 h. Venres e sábados ás 17.00 e ás 20.00 h. Domingos ás 17.30 h
Función inclusiva	Domingo 24 ás 17.30 h
Encontros co público	O domingo 24 (<i>online</i>) e o domingo 31 (presencial), ao finalizar a función
Función descontraída	Mércores 20 ás 20.00 h. Unha sesión cunha atmosfera acolledora e con máis tolerancia respecto do ruído e movemento no patio de butacas. Cun prezo especial de 3 euros. Destinada ás persoas que buscan un ambiente máis relaxado que o dunha representación teatral ao uso, así como ás que poidan sentirse máis cómodas nese contorno, como aquelas con déficit de atención, deficiencia intelectual, espectro autista ou deficiencias sensoriais, sociais ou de comunicación.

Venda de entradas

Despacho de billetes do Salón Teatro	Dúas horas antes de cada función
Venda anticipada en liña	Ataquilla.com
Prezo das localidades	10 euros
Descontos	40 % Persoas estudantes, xubiladas, maiores de 65 anos, usuarias do carné xove, desempregadas, familias numerosas, grupos a partir de 10 persoas, xornalistas, profesionais das artes escénicas e membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC) 3x2 Se traes dúas persoas, invitámoste ao teatro. (Só no despacho de billetes do Salón Teatro) 40 % Domingo. Día do Espectador: 6 euros

Etiqueta sanitaria	Máscara hixiénica, limpeza de solas nos felpudos colocados a tal efecto e desinfección de mans á entrada e saída. No caso de presentar síntomas compatibles coa covid-19 ou tela diagnosticada non se deberá acudir ao teatro. Capacidade limitada ás restricións sanitarias en vigor en cada momento na cidade.
---------------------------	---

XIRA	novembro / decembro de 2021
-------------	-----------------------------

Sinopse

O CHARCO DE ULISES

Versión libre da Odisea, traspasada a un contexto transatlántico. Do mar ao océano. De Ítaca a Galicia. De Troia a Buenos Aires. Do Mediterráneo ao Atlántico.

A trama discorre en paralelo ao clásico de Homero, xerando un diálogo co mito orixinal, para tratar o fenómeno da emigración galega cun marcado compoñente poético.

Ulises permanece errante durante dez anos viaxando de illa en illa, vivindo aventuras inesquecibles, entre succulentos banquetes e fermosas mulleres. A idea do regreso á patria non o abandona nunca, pero a súa vida non había transcender se non saíra dela.





Marián Bañobre

A DIRECTORA

Conta cunha longa e recoñecida traxectoria como actriz de teatro e *clown* en diversas compañías, tanto galegas como de fóra de Galicia, entre elas Teatro do Morcego, Ningures, Nove-Dous, CDG, Theatre Organic, Maquinaria Pesada e, sobre todo, Ibuprofeno Teatro, onde centra principalmente a súa actividade na última década. Paralelamente, diseña o vestiario de máis dunha decena de espectáculos, chegando a acadar un Premio María Casares por *O furancho* en 2016. A súa faceta como creadora escénica concreouse nos últimos anos de forma máis decidida afrontando a dirección e a dramaturxia de espectáculos como *A Órbita do Lucecú*, *Monstruación*, *O premio*; *12 uvas*, *2 mulleres e 1 oliva* ou *Invisibles*, pola que foi recoñecida como mellor directora e mellor adaptadora xunto a Santiago Cortegoso nos Premios María Casares 2019.



Santiago Cortegoso

O DRAMATURGO E DIRECTOR

Despois de traballar como actor en numerosos espectáculos de compañías galegas (Teatro de Ningures, Teatro do Morcego, A Factoría Teatro, Nove Dous, Llu Llu teatro, etc.), intensifica a partir de 2009 a súa actividade na escrita e na dirección de escena, nomeadamente á fronte da compañía Ibuprofeno Teatro, coa que montou, entre outras: *O mel non caduca*, *Casa O'Rei*, *Raclette*, *O furancho* e *A filla de Woody Allen*. Ganou o Premio Rafael Dieste por *0'7% Molotov*, o Álvaro Cunqueiro por *Raclette*, o Varela Buxán por *Smoke on the water*, o María Casares en tres ocasións (*Pequenos actos pseudorrevolucionarios*, *Raclette* e *Invisibles*) e foi finalista nos Premios Max 2017 nas categorías de Autoría e Dirección por *Raclette*. En 2010 escribe *O charco de Ulises* cunha bolsa do programa Iberescena.

0 elenco







Óscar Allo

Estuda Interpretación no Teatro de Xesto na RESAD de Madrid, onde adquire tamén nocións de danza, expresión corporal, acrobacia, mimo, técnica vocal (Vicente León e Chelo García) e interpretación (Técnica Chejov con Sol Garre, Lecoq con Mar Navarro).

Realiza diversos cursos de *clown* (con Antón Valén e Hernán Gené), de bufóns (con Andrés del Bosque) e de danza (con Maximiliano Sanford e Luz Arcas).

Participa en diferentes obras de teatro: *Achaques* de Xus de la Cruz dirixida por Pablo Gallego Boutou; *Ionesco 4G* dirixida por Hernán Gené ou a produción do Centro Dramático Nacional *La tumba de María Zambrano* de Nieves Rodríguez Rodríguez dirixida por Jana Pacheco no Teatro Valle-Inclán.

Para a compañía pública estatal tamén participa —no Teatro María Guerrero— nos espectáculos *Acastos. Para qué sirve el teatro* de Iris Murdoch dirixida por Ernesto Caballero ou *Tres sombreros de copa* de Miguel Mihura dirixida por Natalia Menéndez, entre outras.



Miguel Borines

Son case 40 anos os que leva dedicado á arte da interpretación nas súas múltiples facetas. É membro fundador de Tanxarina, compañía especializada no teatro de títeres e marionetas con máis de 20 producións, numerosos premios e recoñecementos, xiras internacionais e a creación do Festival de Títeres de Redondela. Coa súa última produción, *A galiña azul*, obtivo o Premio Fetén ao mellor espectáculo de títeres e o Premio María Casares ao mellor espectáculo infantil.

Traballou tamén con outras compañías de teatro como Matarile, Produccións Teatrais do Sur, Teatro do Morcego e o propio Centro Dramático Galego.

Pola súa interpretación no espectáculo *Casa O'Rei* de Ibuprofeno Teatro foille concedido o Premio María Casares 2019 ao mellor actor protagonista.

En 2000 dá o salto ao eido audiovisual e participa desde entón en 17 películas, 32 curtmetaxes, 5 campañas publicitarias e multitude de series televisivas como *Los hombres de Paco*, *Matalobos*, *Vivir sin permiso*, *Matadero*, *Serramoura* e *O sabor das margaridas*, entre outras.



Mónica Camaño

Comeza a súa carreira profesional na escena galega traballando no Centro Dramático Galego, Teatro do Aquí, Teatro de Ningures ou Teatro do Morcego, entre outros, con directores como Manuel Lourenzo, Júlío Cardoso, Roberto Vidal Bolaño, Xoán Cejudo, Paulo Rodríguez, Etelvino Vázquez, Álvaro Lavín, Celso Parada, Cristina Domínguez ou Clara Gayo.

En 2018 estrea *Laboratorio de estremonías*, onde suma a súa propia dramaturxia e dirección.

Desde o ano 2000 traballa con regularidade en series e longametraxes para a TVG como *Serramoura*, *O Códice*, *Matalobos*, *Cuarto sen ascensor*, *A biblioteca da Iguana* ou *O bosque de Levas*. Alén de *Doentes*, *O lapis do carpinteiro* e *Hai que botalos*, traballa ademais nos catro filmes de Magarita Ledo coa que vén de estreir a xa premiada *Nación*.

En 2008 recibe o Premio María Casares á mellor actriz secundaria polo seu traballo en *Emigrados*. Cinco anos máis tarde gaña o Premio Maruxa Villanueva por *As do peixe* de Cándido Pazó, e en 2017 o Xograr de Outono do FIOT de Carballo.



Rosalía Castro

Estuda Arte Dramática na ESAD de Xixón (Asturias), e en 2008 trasládase a Madrid para formarse en Teatro Xestual na Escola de Mar Navarro.

Desde entón compaxina o seu traballo en teatro en obras como *Latidos con H* de Antropía Teatro (creación propia), *Galicia Caníbal*, o musical de Quico Cadaval, *Puntos suspensivos* de Esther Santos, *Maruxa* de Paco Azorín, *Todo lo que está a mi lado* de Fernando Rubio e forma parte de La Smorfia Teatro coa que realiza o monólogo *La primera mujer en la tierra* con dirección de Germán Torres e *Rey Juan* de W. Shakespeare dirixida por Gustavo Galindo.

En audiovisual destacan os seus traballos na miniserie *Hotel Almirante* de Antonio Cuadri, *Serramoura*, *Mouras* de Olga Osorio —curtametraxe coa que gana o premio á mellor actriz no OUFF 2018— e *Entre todos* de Javier San Román, finalista no NotodofilmFest 2012.



Raquel Espada

Comeza os seus estudos de Arte Dramática na RESAD (Madrid) para posteriormente finalizalos na ESAD de Vigo. Consegue unha bolsa de Desenvolvemento e Investigación de Estudos Artísticos, da Deputación da Coruña, e grazas a ela volve a Madrid onde continúa os seus estudos.

Completa a súa formación audiovisual e teatral con numerosos cursos intensivos de voz e interpretación impartidos por Lorena Bayonas, Laila Ripoll, Alberto Velasco, Lida Otón, Ernesto Arias, Alfredo Sanzol, Pepe Viyuela e Juan Codina, entre outros.

Conta con experiencia profesional teatral e audiovisual, que foi destacada con dous premios á Mellor Interpretación Protagonista Feminina pola serie *Nadía en Cuesta* dirixida por Chus Gutiérrez. Protagonizou durante tres anos a serie diaria *O Faro* producida por Televisión de Galicia e a *Forta*, que se emitiu en todas as canles autonómicas nacionais e noutros catro países estranxeiros. En 2019 formou parte do elenco teatral na produción do Centro Dramático Galego *Neorretranca e Posmorriña*, pola que foi nomeada aos premios María Casares como mellor actriz secundaria.

Actualmente forma parte do reparto artístico da serie *Cuéntame cómo pasó* (TVE) e das montaxes *Casa O'Rei*, da compañía Ibuprofeno Teatro, e *O premio* de La Quintana Teatro.



Manuel Millán

Especialmente coñecido en Galicia polo seu papel de Padre Nicanor na serie *Pratos combinados* da TVG tamén conta cunha extensa carreira noutras cadeas de televisión estatais con papeis fixos, así como noutros tantos episodios: *Acacias 38*, *Señoras del hampa*, *La línea invisible*, *El pueblo*, *Velvet*, *La que se avecina*, *Aquí no hay quien viva* ou *Lorca, muerte de un poeta*.

Traballou no cine con directores da talla de Fernando Colomo, Carlos Saura, Luis García Berlanga, Manuel Gutiérrez Aragón, Joaquín Mazón, Gustavo Ron, Antón Reixa, Santiago Aguilar e Luis Guridi. Destacan películas como *Cuerpo de élite*, *Mia Saram*, *La vida que te espera*, *París Tombuctú*, *¡Ay, Carmela!*, *O lápis do carpinteiro* ou *Justino, un asesino de la tercera edad*.

Como actor de teatro participou en montaxes para o Centro Dramático Nacional como *Quirófano* baixo a dirección de Almudena Ramírez-Pantanella, *La buena persona de Sezuán* dirixida por Luis Blat, *Roberto Zucco* dirixida por Lluís Pascual ou *Morirás de otra cosa* dirixida por Manuel Gutiérrez Aragón.

Traballou no Centro Dramático Galego nos espectáculos *Xelmírez ou a Gloria de Compostela* dirixido por Roberto Vidal Bolaño, *Se o vello Sinbad volveuse ás illas* por Fabio Mangolini e *O ano do cometa* por Quico Cadaval.



Fran Paredes

Formouse en diferentes disciplinas dramáticas (interpretación, expresión corporal e acrobacia, expresión vocal, Commedia dell'Arte, *clown*...) con mestres como Etelvino Vázquez, Pedro Pablo Riobó, Salvador del Río, Cristina Domínguez, Selma Shoregui ou Antonio Fava.

Despois dun longo percorrido polo teatro amator, en 1999 dá o salto ao teatro profesional cofundando LluLlu Teatro, pasando despois a formar parte estable de Teatro de Ningures ata a actualidade en espectáculos como *Fausto*, *Troianas*, *Tartufo*, *Misericordia* ou *María Soliña*, e en montaxes doutras compañías galegas de renome como Teatro do Morcego, Balea Branca ou Arela das Artes.

En 2010 e 2012 recibe os premios a mellor actor no FETEGA do Carballiño por *Atra bile* e *Homes, mulleres...* con Teatro de Ningures.

Participa tamén como actor secundario en diversas series da TVG como *Serramoura*, *O Faro*, *Fontalba*, *Dalia a modista* e *O sabor das margaridas*, e en cinema como protagonista de *La felicidad de los perros*.



Chusa Pérez de Vallejo

Tras formarse en diferentes técnicas teatrais e do movemento, atópase co Teatro de la Escucha, que lle permite xuntar inquedanzas e proxectar a súa crecente sensibilidade social e o estudo da Non-violencia.

Convértese en referente desa corrente que inaugura unha nova forma de entender o teatro social, político e de intervención. Responsabilízase do Encontro Internacional de Teatro e Compromiso desde 2002, levando a Madrid expoñentes do teatro internacional como César Brie, Julian Boal, Sanchís Sinisterra...

En 2006 funda en Barcelona a compañía Los Últimos e traballa por España e Latinoamérica como actriz, directora e pedagoga teatral cos colectivos máis desfavorecidos (discapacidade, prostitución, inmigración, persoas sen fogar, indíxenas...) e formando a profesionais da arte, a educación e o social.

Recibe o premio Mejores Ideas 2015 polo seu traballo no eido sanitario. En Buenos Aires descobre e afonda na práctica e o estudo do tango danza.



Inés Salvado Gontad

Actriz e cantante, é licenciada en Comunicación Audiovisual pola USC, especialidade en guión e dirección. Graduada na escola de Artes e Oficios Mestre Mateo en Fotografía Artística e posteriormente en Interpretación na Escola de Teatro e Danza Espazo Aberto.

Foi membro do Coro da Ra e, actualmente, do Coro Encaixe, gañador do concurso televisivo *Oh Happy Day!* e dos Premios Martín Códax da Música en 2018.

É tamén integrante do grupo De Vacas, galardoado nos Premios Martín Códax da Música en 2016 e premiado na II edición do Festival Territorio Violeta na Feria de Teatro de Ciudad Rodrigo en 2018.

Desde 2006 permanece vencellada coas artes escénicas en grupos universitarios como Enlata Teatro e posteriormente cofunda a compañía de teatro amador Farrapo Teatro, formando parte no espectáculo *Frío*, premiado no X Festival Internacional de Teatro Cale-se (Portugal) ao Mellor espectáculo, á Mellor dirección, ao Mellor espazo sonoro, ao Mellor vestuario e á Mellor escenografía.

Actualmente traballa na compañía profesional A Feroz, coa que participa como actriz nos espectáculos *Afterparty* e *Santa Inés*.



Paulo Serantes

Actor, músico e director de escena.

Especializado na máscara teatral e o teatro do xesto, forma parte da compañía norueguesa de *clown* e teatro xestual Torgunn Produksjoner.

Traballou en Teatro de Ningures, Ancora Producións, Ollomoltranvía, Espello Cóncavo, Uvegá Teatro e Casahamlet.

Recentemente colaborou con Danskompaniet Spinn (Göteborg), Tinderbox Theatre Company (Belfast), Damansara Performing Arts Center (Kuala Lumpur) ou Wagner College Theatre (Nova York).

0 equipo artístico



Pablo Giráldez Río

“O Pastor”

ESCENÓGRAFO

Artista gráfico e escenógrafo.

A súa obra gráfica abrangue numerosos deseños e series de carteis para festivais no ámbito da cultura, así como deseños de discos para varios colectivos e grupos musicais como Talabarte, aCentral Folque, Os Cempés, Radio Cos, Fred Martins, Juan Belda, Malvela, Emilio Rúa, Utreia, Marful, Guadi Galego, Ugía Pedreira, Carapaus, Chouteira ou Baamonde Lamas e Romero.

Traballa no eido dos libros ilustrados para Editorial Galaxia, Editorial Kalandraka e Boa Música.

Desde o ano 1995 participa en numerosas exposicións de arte por toda Galicia, amosando o seu traballo máis persoal cos proxectos: *O pastor moito traballa*, *Almanaque agrícola* e *Acordaros de nosotras*.

Realiza e diseña escenografías para espectáculos de compañías de teatro galegas como Tanxarina Títeres, Producións Teatrais do Sur, Teatro do Morcego, Ningures Producións, Berrobambán Teatro, Ibuprofeno Teatro, Compañía Miro Magariños, Factoría Teatro, Fulano, Mengano e Citano, Chévere, Talía Teatro, Teatro Miraquenvén, Aula de Teatro e Danza da Universidade da Coruña, ou Educa Teatro. Para o Centro Dramático Galego diseña a escenografía de *A comedia do gurgullo*.

Diseña e realiza o espazo para concertos de grupos como Marful ou festivais como Cantos da Maré.



Saturna

VESTIARIO



Saturna son Lola e Alicia Dapena.

Lola formouse en Fotografía Artística e Deseño de Moda na Escola Superior de Arte e Deseño Mestre Mateo de Santiago de Compostela, especializándose en deseño de vestuario na Parsons School of Design de Nova York.

Alicia é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, coas especialidades en Historia da Arte e Museoloxía.

Ambas crean en 1993 Saturna Vestuario, empresa dedicada ao deseño de vestuario en producións de publicidade, cinema, teatro e televisión, dentro e fóra de Galicia.

Entre as súas producións máis recentes, destacan a coprodución *AugaSeca* (Portocabo e SPI), a segunda temporada de *O sabor das margaridas* (CTV); as dúas temporadas de *Hierro* (dirixida por Jorge Coira para Portocabo e Movistar); e o filme *Cuñados*. Na actualidade están rodando en Lisboa a serie de televisión *Chegar a casa*, coprodución entre Galicia e Portugal.

Foron nomeadas aos Premios María Casares 2020 polo vestuario de *Neorretranca* e *Posmorriña* do Centro Dramático Galego.

Baia Fernández

CARACTERIZACIÓN

Desde 2012 desenvolve o seu traballo como actriz, productora e caracterización tanto para cine como para teatro.

Como actriz participa nos monólogos teatrais *A veciña de enfronte* e *Dous por dous*, ambos os dous dirixidos por Miro Magariños, e participa tamén no espectáculo de teatro de rúa *Xente de Cuntis, tropa do carallo*.

É, ademais, autora e produtora do espectáculo poético-musical *Os rumiantes* (Baia Fernández de la Torre, Miguel Fraguas e Franc Gorriz), baseado no libro disco: *Unha viaxe de rumiantes*, así como de *Laia*, xunto a Miro Magariños.

Como directora de perrucaría e maquillaxe participou no filme *Castelao*, de chumbo a verba de Miguel López, en curtametraxes como *Proxecto C3. Camiña, cimenta, crea* de Noelia Toledano, *Vida* de Rubén Ríos ou *Lurna* de Nani Matos, e videoclips como *Desde el coche* de Gustavo Almeida e *Silencio* de El grito chino realizado por Siete gatos blancos.

Traballa no deseño de perrucaría e maquillaxe das producións teatrais *Casa O'Rei* e *O mel non caduca* de Ibuprofeno Teatro, e *Invisibles* de Redrum Teatro.



Salvador del Río

ILUMINACIÓN

Realiza diversos traballos de deseño de iluminación para numerosas compañías de teatro de Galicia, como Ibuprofeno Teatro en *O mel non caduca*, *O furancho*, *A filla de Woody Allen*, *Casa O'Rei* e *Raclette*; LluLlu Teatro en *Ñaque ou de piollos e actores* e *O circo enmeigado*; Teatro de Ningures en *A defensa da vila María Soliña*, *Unhas poucas picaledas*, *O ogrocho*, *O desembarco dos turcos* e *O principioño*; A Producións Artísticas en *Leixaprén* e *Alicia&Alicia*; A Factoría Teatro en *Des-Memoria-2* e *Señor mundo* ou Compañía Disquedanza en *Menú vexetal*.

En 2008 realiza o deseño de iluminación para *Rosalía XXI*, espectáculo estreado na Habana promovido pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.



Ezequiel Merlo

COREOGRAFÍA TANGO

Da súa forma de bailar destaca a súa orixinal musicalidade e seguramente o seu estilo único e inconfundible.

Estudoso das bases do movemento, a rítmica e a harmonía.

Na súa formación podemos atopar desde as fontes clásicas como o ballet ata o contacto improvisación e as danzas folclóricas arxentinas, pero a súa paixón está posta desde hai anos no tango, que aprendeu con recoñecidos mestres da escena do tango actual e outros que xa non están.

Bailando ou ensinando reforza sempre a importancia de ser, e, por que non, da verdadeira escoita que leva ao amor.

Imparte clases para todos os niveis por España, Bruxelas, Tunes ou Atenas. É un destacado DJ da escena festivaleira internacional. Deu formación a actores na escola Timbre 4 en Buenos Aires.



Xosé Lois Romero

ESPAZO SONORO E MÚSICO EN ESCENA

É un dos nomes referenciais na música galega actual. Acordeonista, percusionista, compositor, produtor, divulgador, a súa traxectoria inclúe algúns dos momentos máis destacados da historia recente da música en Galicia, que vai desde os seus propios proxectos (Lelia Doura, Nova Galega de Danza, Vaamonde, Lamas e Romero, aCadaCanto, Grupo de Música Tradicional do IGAEM, AccordTrio, Aliboria...) á colaboración con outros artistas (Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, Leilía, Guadi Galego, Xabier Díaz, Radio Cos, Orquestra de Jazz de Galicia, Azougue, Kepa Junquera, Coetus, Jane Joyd...) ou a participación en espectáculos escénicos (*Ovay*, *O quiosco das almas perdidas*, *Gharbo e Ball-Cans*) ata diversas publicacións divulgativas (*Pel e madeira*, *Doce polainas enteiras*, *De pano sedán* ou *Galeoke*).

Foi galardoado en numerosas ocasións, ben como intérprete ou como compositor. É posuidor de tres Premios Martín Códax da Música.



María Costas

TRABALLO DE VOZ

Cantante, profesora de voz e actriz.

Formouse en Voz, Canto, Técnica *Voice Craft*, con numerosos profesionais como Javier Prieto, Rober Sussuma, Elisenda Renom, Nuria Inglada, Lidia García, Jesús Aladrem, María Lalanne, María Armesto, Gillyanne Keysmm ou Francesc Pascua.

Asiste a obradoiros de interpretación para profesionais con Victor Duplá e curso Sondheim e Repertorio de Teatro Musical con Jeremy Powell e Mario Detry.

Completa a súa formación artística con estudos de Danza Contemporánea na Escola de Danza Deborah en Pontevedra, Piano Complementario con Manuel Gutiérrez e Harmonía, Auditivo e Improvisación con Carlos Ferrant.

Fundadora de Teatro Artello de Vigo, participa en espectáculos para compañías como Teatro de Ningures e Producións Excéntricas. Forma parte do elenco de *Galicía Caníbal*, o musical de Antón Reixa.

Ademais, é cantante profesional en diferentes formacións, tales como Club Naval, Bloody Mary e a Orquestra da TVG. Na actualidade é cantante e compositora en Antilia, traballo que compaxina desde 1990 co de profesora de Voz e diversos obradoiros de Técnica Vocal en numerosas escolas.

Presentadora de televisión ocasional, traballa como actriz en series da TVG como *Luci*, *Casa Manola* e *Serramoura*.

No cinema participa nas películas *A espía* (RPT e Ficción Producciones), *El desorden que dejas* (Vaca Films), *Dhogs* (Gaita Films) e *A illa das mentiras* (Agallas Films).

Recibe o Premio Mestre Mateo á Mellor Interpretación Feminina de Reparto en 2018.





Carmela Bueno

ASISTENCIA DE DIRECCIÓN

Bailarina e coreógrafa, iniciou a súa carreira profesional nas compañías Dobre Xiro e Disque Danza. Como coreógrafa creou nesta última o espectáculo infantil *Menú vexetal*.

Traballou tamén na Fundación Igualarte de Vigo no espectáculo *Son nu*, encargándose da dirección, e a coreografía de *Nos teus zapatos* e *Diálogos de papel*, ademais de varias pezas curtas.

Entre os seus últimos traballos están as coreografías de *O camiño dos paxaros* de Magín Blanco e a colaboración coa compañía Ibuprofeno Teatro en varias producións, entre as que se atopan *A filla de Woody Allen* e *O mel non caduca*, nesta ocasión como axudante de dirección.



Xandre Vázquez

ASISTENCIA DE PRODUCCIÓN

Produtor e promotor.

Fundador de Educateatro Producións, compañía coa que produciu —baixo a dirección de Luis Crespo e Paulo Medal—, os musicais familiares de *Os tres porquiños*, *Carapuchiña Vermella*, *O mundo máxico de Pinocho* e *O Camiño de Santiago (e Mariña)*, ademais de editar cadanseu libro+cd.

É cofundador de Culturinvest, empresa coa que desenvolveu a exposición interactiva *Dinosaurs Live —The Exhibition—*, o itinerante *Paseo Xurásico* e o *Circo de Nadal* de Vigo en 2019.

Foi axudante de produción así como xerente-rexedor en *Fedra*, de Luis Luque e Paco Bezerra para Pentación Espectáculos, e xerente de compañía nas montaxes *Prometeo*, de José Carlos Plaza e Luis García Montero, e *Metamorfosis*, de David Serrano e Mary Zimmerman, coproducidas polo 65º Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida.



CDG

www.centrodramatico.gal

 [cdg.saloneatro](https://www.facebook.com/cdg.saloneatro)

 [cdg.saloneatro](https://www.instagram.com/cdg.saloneatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021